

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE IMPROVISACIÓN E ACOMPAÑAMENTO PIANÍSTICO APLICADO Á DIRECCIÓN (I-II)
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA
TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 171/2016, DO 24 DE NOVEMBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA										
IMPROVISACIÓN E ACOMPAÑAMENTO PIANÍSTICO APLICADO Á DIRECCIÓN (I-II)										
ESPECIALIDADE:	DIRECCIÓN				ITINERARIOS:			-		
CARÁCTER:	OBRIGATORIA				TIPO DE CLASE:			COLECTIVA		
DEPARTAMENTO:	IMPROVISACIÓN E ACOMPAÑAMENTO				XEFA DE DPTO.:			MATILDE RUBIO MUR		
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:			A DETERMINAR	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1 h.
ECTS/CUAD.	2	2							Observacións:	-
DOCENTES:	NOME E APELIDOS				EMAIL/TEL/WEB			TITORÍA		
	PABLO SABIO LADRA				pablosl@edu.xunta.gal					

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Desenvolvemento de capacidades que permitan a práctica da improvisación ao piano, a través do coñecemento dos elementos e procedementos construtivos. Principios básicos e realización do acompañamento nos diferentes estilos. Práctica do baixo cifrado. Improvisación a partir de diferentes elementos musicais (estruturas harmónico-formais, melódicas, rítmicas, etc.). Aplicación da improvisación á práctica do acompañamento. Consecución de ferramentas destinadas á súa aplicación no ámbito da dirección.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Todos os coñecementos pianísticos e harmónicos anteriores.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Inda que, en principio, a improvisación musical significa facer un traballo, paxase etc; sen telo planificado con antelación, é imposible facer una improvisación de certo nivel sen antes estudar as ferramentas necesarias para a súa realización exitosa. Estas ferramentas atópanse no coñecemento destas tres disciplinas: harmonía, composición e análise, desenvolvidas de xeito práctico no piano.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1 T2 T3 T7 T15
COMPETENCIAS XERAIS:	X1 X2 X4 X6 X7 X12 X13 X17 X21 X22 X23 X26
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	ED2 ED4
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 171/2016 do 24 de novembro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Potenciar a creatividade a partir do coñecemento e a práctica de técnicas da improvisación a solo ou en conxunto.	T1 T3 T7 T15 X2 X4 X7 X17 X21 X22 X23 ED2 ED4
Adestrar a lectura, a memoria e a interpretación comprensiva a través da análise de cada un dos elementos que integran as obras musicais de diferentes estilos.	T1 T2 T3 T15 X1 X2 X7 X12 X17 X21 X22 X23 ED2 ED4
Realizar a análise harmónica ao teclado de obras para piano, reducindo a textura polifónica ao seu esquema básico.	T1 T2 T3 T15 X1 X2 X4 X7 X17 X21 X22 X23 ED2 ED4
Improvisar melodías, acompañamentos ou pezas xa fose libremente ou seguindo pautas establecidas previamente.	T1 T2 T3 T7 T15 X1 X2 X4 X7 X17 X21 X22 X23 ED2 ED4
Memorizar e desenvolver estruturas harmónicas extraídas de obras do repertorio clásico de diferentes estilos.	T1 T2 T3 T15 X1 X2 X4 X12 X13 X17 X21 X22 X23 X24 ED2 ED4
Desenvolver a capacidade de análise en canto a estruturas harmónicas e formais se refire e comprender a importancia e posibles aplicacións prácticas no seu desenvolvemento musical.	T1 T2 T3 T7 T15 X1 X2 X6 X7 X12 X13 X17 X21 X22 X23 X26 ED2 ED4
Desenvolver o pensamento consciente, a escoita activa, para reconecer, comprender e memorizar o material musical.	T1 T2 T3 T7 T15 X1 X2 X4 X7 X17 X21 X22 X23 ED2 ED4
Mostrar os reflexos necesarios para resolver no momento as posibles eventualidades que poidan xurdir durante a interpretación.	T1 T2 T3 T7 T15 X2 X4 X7 X17 X21 X22 X23 ED2 ED4
Valorar a improvisación como unha práctica que desenvolve a creatividade e a imaxinación musical.	T1 T2 T3 T7 T15 X2 X7 X13 X17 X21 X22 X23 X26 ED2 ED4
Aprender a usar recursos tecnolóxicos para axudar a desenvolver a improvisación en grupo.	T1 T2 T3 T7 T15 X1 X4 X6 X7 X12 X13 X17 X22 X26 ED2 ED4

4. CONTIDOS		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIONS
1. Estructuras harmónicas, patróns. Creación Melódica.	1.1. Clasificación dos acordes triadas e cuatrías. Enlaces de acordes. Inversións. 1.2. Patróns rítmicos. 1.2.1. Tonalidades maiores e menores. Círculo de quintas. Graos I-II-III-IV-V-V ⁷ -VI-VII-V do V. 1.3. Estructuras harmónicas de catro compases. 1.4. Acordes de sétima dominante. Enlace harmónico. 1.5. Dominantes secundarias. 1.6. Procesos cadenciais: Cadencias e semicadencias. 1.7. Estructuras harmónicas de oito compases. 1.8 Creación melódica en base as harmonías traballadas.	4/5
2. Motivos, semifrases, frases. Contrastes rítmico-melódico-harmónico.	2.1. Motivos, semifrase, frases. 2.2. Frases de oito compases. Pregunta-resposta. 2.3. Construción do motivo con notas reais. 2.3.1. Con un acorde e con máis de un acorde. 2.4. Construción de motivos introducindo notas de paso e floreos. 2.5. Desenrolo de motivos e adaptación ás diferentes estruturas harmónicas por enlace e/ou transporte. 2.6. Creación e desenvolvemento de motivos cun acorde. 2.7. Creación melódica en base as harmonías traballadas 2.8. Melodía eixo. Tipos de floreos e notas de paso. 2.9. A semifrase contrastante: Contraste rítmico, melódico e harmónico.	4/5
3. Cifrados	3.1. Cifrado harmónico.	2/5
4. Redución harmónica.	4.1. Redución harmónica.	2/5
5. Melodía acompañada. Improvisación melódica y harmónica.	5.1. Estructuras harmónicas: Os acordes invertidos. Desenvolvemento por inversión. Enlaces. Patróns rítmicos. 5.2. Tonalidades maiores e menores. Círculo de quintas. Graos I-II-III-IV-V-V ⁷ -VI-VII-V do V. Acordes de sétima. 5.3. Variacións rítmicas, melódicas e na textura. 5.4. Pedal de tónica e de dominante. 5.5. Sétima de dominante. Inversións. 5.6. Acompañamento de melodías clásicas e/o populares, tendo en conta os contidos anteriormente traballados. 5.7. Improvisación imitativa e libre en base aos contidos traballados.	2/5
6. Repaso dos contidos tratados	6.1 Repaso, afianzamento e cuestións que poidan xurdir sobre os contidos traballados.	2/5
TOTAL SESIONS:		16 ¹ /5

5. METODOLOXÍA, ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN		
ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Práctica de aula: Traballo pormenorizado dos temas en clases colectivas. As clases terán unha compoñente principal de práctica ao teclado ou no acordeón. Planifícanse as actividades de forma que se fomente a participación simultánea do grupo de alumnos, impulsando así o traballo colaborativo na aula.	Presencial	Do 3 de febreiro ao 12 de marzo, ambos inclusive.
Práctica individual: Adestramento persoal do alumno de todas as ferramentas e técnicas da práctica harmónica e da improvisación ao teclado traballadas na aula. Comprenderá 1) Análise do material musical sobre o que se traballa nas clases 2) Preparación e adestramento dos recursos cognitivos técnicos e interpretativas necesarios para a práctica harmónica, repentización e improvisación.	Non presencial	Do 3 de febreiro ao 12 de marzo, ambos inclusive.
Traballo telemático: Por mor do estado de alarma e da suspensión das clases presenciais, porase a disposición do alumnado que así o desexe a posibilidade de recibir docencia a distancia polos medios que se estimen oportunos. Igualmente, proporáse ao alumnado, sempre mediante medios telemáticos, tarefas adaptadas aos contidos traballados con anterioridade e aos medios dispoñibles.	A distancia	Mentres duren as restricións para impartir docencia presencial.

6. AVALIACIÓN			
A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, ordinaria e extraordinaria. No caso de perda da avaliación continua o alumno/a deberá acollerse ao disposto no apartado de avaliación alternativa da programación docente.			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA) Por mor da declaración do Estado de Alarma e a suspensión das clases presenciais, o período computable para esta modalidade de avaliación no segundo cuadrimestre será o comprendido entre o 3 de febreiro e o 12 de marzo, ambos inclusive. Non obstante, co obxectivo de proporcionar ao alumnado a posibilidade de mellorar as súas cualificacións finais, avaliarase de xeito complementario e sempre adicional o traballo levado a cabo durante o período de ensinanza a distancia.			
Traballo na aula.	Amosar na aula unha capacidade de aprendizaxe progresiva como resultado da optimización do rendemento da práctica individual.	T1 T3 T7 T15 X2 X7 X8 X17 X21 X23 E13 E14 E15 E18 E19	50%
Traballos complementarios.	Seguimento do traballo individual fora da aula.	T1 T3 T15 X8 X21 X22 X23 E12 E14 E15 E17	50%
Traballo no período de ensinanza a distancia	Seguimento do traballo individual fora da aula por medios telemáticos.	T1 T3 T15 X8 X21 X22 X23 E12 E14 E15 E17	30% adicional a partir da nota da avaliación continua

¹ Ler o punto 9: Observacións, desta programación

6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)			
1. Desenvolvemento dunha estrutura harmónica.	Aplicar os coñecementos harmónicos e pianísticos adecuadamente.	T1 T3 T15 X8 X22 E17 E19	25%
2. Harmonizar e improvisar un acompañamento a unha melodía dada.	Amosar os coñecementos harmónicos, melódicos e pianísticos, así como a escoita interna.	T1 T3 T15 X2 X8 X17 X21 X22 X23 E12 E14 E15 E17	25%
3. Improvisar unha frase sobre un motivo dado.	Amosar coñecemento dos elementos e procedementos construtivos para a improvisación.	T1 T3 T15 X2 X8 X17 X21 X22 X23 E12 E14 E15 E17	25%
4. Análise formal, melódico rítmico e harmónico de pezas ou fragmentos concretos de diferentes estilos aportados polo profesor e posterior improvisación sobre eles.	Amosar autonomía e solvencia na lectura e análise de pezas ou fragmentos. Amosar coñecemento dos elementos e procedementos construtivos para a improvisación.	T1 T3 T7 T15 X2 X7 X8 X17 X21 X22 X23 E12 E13 E14 E15 E17 E18 E19	25%
6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*PERDA AVALIACIÓN CONTINUA, máis de 4 faltas) Debido á declaración do estado de alarma e á suspensión das clases presenciais, esta proba será levada a cabo por medios telemáticos.			
1. Desenvolvemento dunha estrutura harmónica.	Aplicar os coñecementos harmónicos e pianísticos adecuadamente.	T1 T3 T15 X8 X22 E17 E19	25%
2. Harmonizar e improvisar un acompañamento a unha melodía dada.	Amosar os coñecementos harmónicos, melódicos e pianísticos, así como a escoita interna.	T1 T3 T15 X2 X8 X17 X21 X22 X23 E12 E14 E15 E17	25%
3. Improvisar unha frase sobre un motivo dado.	Amosar coñecemento dos elementos e procedementos construtivos para a improvisación.	T1 T3 T15 X2 X8 X17 X21 X22 X23 E12 E14 E15 E17	25%
4. Análise formal, melódico rítmico e harmónico de pezas ou fragmentos concretos de diferentes estilos aportados polo profesor e posterior improvisación sobre eles.	Amosar autonomía e solvencia na lectura e análise de pezas ou fragmentos. Amosar coñecemento dos elementos e procedementos construtivos para a improvisación.	T1 T3 T7 T15 X2 X7 X8 X17 X21 X22 X23 E12 E13 E14 E15 E17 E18 E19	25%
6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA			
1. Desenvolvemento dunha estrutura harmónica.	Aplicar os coñecementos harmónicos e pianísticos adecuadamente.	T1 T3 T15 X8 X22 E17 E19	25%
2. Harmonizar e improvisar un acompañamento a unha melodía dada.	Amosar os coñecementos harmónicos, melódicos e pianísticos, así como a escoita interna.	T1 T3 T15 X2 X8 X17 X21 X22 X23 E12 E14 E15 E17	25%
3. Improvisar unha frase sobre un motivo dado.	Amosar coñecemento dos elementos e procedementos construtivos para a improvisación.	T1 T3 T15 X2 X8 X17 X21 X22 X23 E12 E14 E15 E17	25%
4. Análise formal, melódico rítmico e harmónico de pezas ou fragmentos concretos de diferentes estilos aportados polo profesor e posterior improvisación sobre eles.	Amosar autonomía e solvencia na lectura e análise de pezas ou fragmentos. Amosar coñecemento dos elementos e procedementos construtivos para a improvisación.	T1 T3 T7 T15 X2 X7 X8 X17 X21 X22 X23 E12 E13 E14 E15 E17 E18 E19	25%
<p>PROCEDEMENTO PARA A MATRÍCULA DE HONRA: A matrícula de honra poderá ser outorgada aos estudantes que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder do 20 % dos estudantes matriculados na materia no correspondente cuadrimestre, agás que o número de estudantes matriculados sexa inferior a 20, nese caso poderás concederse unha soa matrícula de honra. No caso de que varios alumnos atópense nesta circunstancia, poderán realizar unha proba específica sobre as dificultades do curso, obtendo matrícula de honra o alumno que obteña a cualificación maior na mesma.</p>			

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS	
DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Como medida ordinaria de atención á diversidade, o profesorado pode adaptar os materiais empregados para traballar os contidos dentro da aula e mesmo a secuenciación de contidos, acelerándoa ou ralentizándoa puntualmente para adaptala ó ritmo de aprendizaxe do alumnado.</p> <p>Considérase medida ordinaria posto que a fin de curso se terían impartido todos os contidos contemplados dentro do tempo contemplado na programación.</p> <p>Por outra banda, e como medida extraordinaria, poderían adaptarse os contidos, previo informe do equipo de orientación específico da consellería, respectando sempre o esencial dos obxectivos fixados para cada curso.</p>	<p>No caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e para garantir os devanditos principios de igualdade de oportunidades, de non discriminación e de compensación de desvantaxes, as probas de avaliación ás que este alumnado se presente ó longo do curso serán adaptadas en tempo e forma, sempre e cando esta necesidade estea recoñecida oficialmente e seguindo as especificacións marcadas polo equipo de orientación específico da consellería en cada caso.</p>

8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

- Aebersold Jazz, J. (1967/1994) *Como improvisar y tocar Jazz (6ª ed.)*. Spanish Edition.
- Ansins Arbó, Miguel (2004) *Teoría y práctica del bajo cifrado, en su realización al piano*. Madrid: Real Musical.
- Bach, J. S. por García Vázquez, J.R. (2010) *22 pequeños preludios. Análisis y metodología de trabajo*. Madrid: Enclave Creativa.
- Bach, J. S. por García Vázquez, J. R. (2008) *15 invenciones a dos voces. Análisis y metodología de trabajo*. Madrid: Enclave Creativa.
- Bernaud, A. y Desportes, I (2003) *Manual práctico para el reconocimiento de los estilos desde Bach a Ravel*. Madrid: Real Musical
- Cortada, M. L. (2003) *Teoría y práctica del bajo continuo*. Barcelona: DINSIC Publicaciones Musicals, S.L.
- Coker, J. (1964) *Improvisando en Jazz*. Buenos Aires: EDITORIAL VICTOR LERU.
- Ferrer, Ferran (2001) *Acompaña y disfruta*. Valencia: Impromptu Editores, S. L..
- Lorenzo de Reizábal, A., Olabarrieta Zaro, J. (2010) *Improvisación: De la teoría a la práctica*. Barcelona: Editorial Boileau.
- Levine, M. (2003). *EL libro del Jazz Piano*. EEUU: Sher Music Co.
- Molina, E. (1990). *Improvisación al piano. Volumen 1. Ejercicios fundamentales*. Madrid: Real Musical (reeditado por Enclave Creativa).
- Molina, E. (1994). *Improvisación al piano. Volumen 2. Desarrollo de estructuras armónicas*. Madrid: Real Musical. (reeditado por Enclave Creativa).
- Molina, E. (1994). *Improvisación al piano. Volumen 3. Estructuras melódicas*. Madrid: Real Musical. (reeditado por Enclave Creativa).
- Molina, E.; Molina C. (2006) Burgmüller. 25 estudios fáciles para piano. Op 100. Análisis y metodología de trabajo. Madrid: Enclave Creativa.
- Molina, E.; Cisneros, J.; Doña, I.; Rodríguez, J. (2007). *Improvisación y acompañamiento. Volumen 1*. Madrid: Enclave Creativa Ediciones S.L.
- Molina, E.; Cisneros, J.; Doña, I.; Rodríguez, J. (2007). *Improvisación y acompañamiento. Volumen 2*. Madrid: Enclave Creativa Ediciones S.L.
- Oltra, M. (2003). *Ejercicios de acompañamiento*. Barcelona. Ed. Boileau.
- Real Book I-II.
- Toch, E. (2001). *La melodía*. Barcelona: Idea Books.
- Toch, E. (2001). *Elementos constitutivos de la música*. Barcelona: Idea Books.

9. OBSERVACIÓNS

O tipo de contidos desta materia fai imposible na maioría dos casos a organización deles en sesións illadas e perfectamente delimitadas. A materia, eminentemente práctica, é de carácter tanto acumulativo como continuado e depende en gran medida da particularidade de cada alumno, pois hai grandes diferenzas en canto a velocidade de aprendizaxe e asimilación dos contidos. **Unha vez estudados éstos repítense unha e outra vez ao longo de todo o cuadrimestre, non quedando relegados só á sesión onde se introduciu.**

O repertorio por curso incluírá as pezas ou fragmentos de diferentes estilos necesarios para traballar os contidos propostos.

Dado que o número de semanas non coincide co número de sesións adaptárase cada curso segundo número e colocación dos festivos e as diversas actividades do centro modificando se fora necesario no propio curso o número de sesión asignadas a cada tema.